

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 14 de decembro de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 14/12/2022
- II. Asistentes á CGIC do 14/12/2022

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2022.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ Acordos da Xunta de Escola do 23/11/2022

- ✓ María Araújo Fernández foi nomeada coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- ✓ Guillermo García Lomba pasa a asumir as funcións de secretario da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

➤ Comunicacions da Área de Calidade

- ✓ 30 novembro: inicio do proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 1º cuadrimestre do curso 2022-2023.
 - O **alumnado** recibirá un correo invitándolle a participar nas enquisas co enlace directo a aplicación.
 - Realízanse dende a **Secretaría virtual**.



- Prazo ata o **23 de decembro** de 2022.
- Pregan **difusión** da mensaxe entre profesorado e alumnado do centro para fomentar a participación.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - ✓ 2 decembro: publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores.
 - Curso 2021/2022: Nota media das titulacións, Datos de mobilidade do PAS e do PDI propio, Estudantes matriculados en titulacións de grao e posgrao.
 - Curso 2022/2023: Avance de matrícula.
- **Comunicacións da Área de Estudos de Grao**
 - ✓ 29 novembro: comunicación de actas da convocatoria de fin de carreira do GERME pendentes de recepción (Física: Sistemas térmicos; Resistencia de materiais; Xeofísica, xeoquímica e xeotermia).

A incidencia resolta pero sinálase a conveniencia de buscar unha solución á problemática xerada pola “matrícula automática” na convocatoria fin de carreira.
- **Selo EUR-ACE convocatoria 2022: MUEM**
 - ✓ 23 novembro. A representante da ACSUG no panel avaliador informa da próxima **visita do panel da ENAEE**, probablemente o 14 de febreiro.
 - Avaliación da ENAEE á ANECA.
 - Títulos elixidos: MUEM e un título da Universidad Politécnica de Madrid.
 - Visita presencial ás instalacións do panel de ANECA que está avaliando ao MUEM, xunto co panel da ENAEE que avalía á ANECA e uns intérpretes.
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC**
 - Iniciouse o proceso de actualización e revisión da información pero aínda está sen rematar.
- **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022**
 - ✓ Os rexistros aprobados nas sesións anteriores foron publicados tanto na plataforma do SGIC como na web do centro.
 - ✓ Pendentes:
 - **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia** (30/06/22); pechado. Fíxose unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero considerouse máis axeitado non modificalo ata a aprobación do **novo regulamento de avaliación da**

universidade e a implementación dun **sistema eficiente de control da docencia** na UVIGO. Ademais sinálase que neste curso non foi rexistrada ningunha incidencia salientable no seguimento e control da docencia.

- **R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos** (31/03/22), pendente da publicación do informe cos resultados definitivos do programa DOCENTIA quinquenal 14/15 – 18/19).
- **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro** (30/11); punto na orde do día da sesión.

➤ **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

- ✓ Aínda non está aberta a plataforma correspondente ao curso actual.

3. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Presidenta lembra que, unha vez aprobados o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo e o novo procedemento *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*, é necesario que cada centro deseñe e aprobe o seu propio programa estratéxico no marco do plan da UVIGO, seguindo as directrices establecidas no devandito procedemento. O primeiro paso é a aprobación da composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola. Proponse que a comisión teña a estrutura da Comisión de Calidade do centro recollida no Manual de Calidade e que está pendente de aplicación á revisión do Regulamento de Réxime Interno do centro:

- Director/a do centro, que a preside
- Coordinador/a de calidade
- Coordinador/a de cada unha das titulacións de grao do centro, ou persoa en quen delegue
- Coordinador/a de cada unha das titulacións de mestrado do centro ou persoa en quen delegue
- Enlace de igualdade
- Coordinador/a do PAT/PIUNE
- Unha persoa representante do profesorado
- Unha persoa representante dos departamentos con docencia no centro
- Dúas persoas representantes do estudantado de grao (priorizando unha por grao se é posible)
- Unha persoa representante do estudantado de máster
- Unha persoa representante do estudantado egresado
- Persoa administradora do centro/ámbito ou aquela en quen delegue
- Unha persoa representante da sociedade.



Os nomes concretos dos postos novos cubriranse a proposta da dirección e levaranse a aprobarán nunha próxima sesión da Comisión de Calidade. De tódolos xeitos, a Presidenta lembra que o proceso de elaboración do programa estratéxico é participativo e aberto, de forma que quen queira participar non vai ter problema en facelo. Esta comisión é a responsable de plasmar as ideas nun primeiro documento que debe ser validado pola Comisión de Calidade. Tras un período de exposición pública, a comisión debe elaborar un documento final, tendo en conta as achegas recibidas. Este documento debe ser aprobado en Xunta de centro.

A Comisión aproba por asentimento a proposta.

4. Rogos e Preguntas.

Non hai.

A Presidenta agradece a asistencia, desexa felices festas e informa da dispoñibilidade dos calendarios do centro.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 17 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a catorce de decembro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 14/12/2022

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 14 de decembro de 2022, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2022.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
4. Rogos e Preguntas.

Vigo, 7 de decembro de 2022

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 14/12/2022



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 14 de decembro de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM